

UNIDADE DIDÁCTICA

SCÓRPIO

TERESA CRISANTA V. PILHADO



 AGAL

CARVALHO 20
CALERO 20

SCÓRPIO

DE RICARDO CARVALHO CALERO



CAPÍTULOS PARA A LECTURA REDUCIDA DE *SCÓRPIO*

Primeira parte

IV – Aurélia p. 15
V – Francisco p. 16
VIII – Mercedes p. 20
IX – Sagitário p. 21
X – Sagitário p. 23
XI – Sagitário p. 25
XII – Cleo p. 26
XV – Cleo p. 30
XVII – Nona p. 33
XIX – Sagitário p. 36
XXI – Sagitário p. 41
XXIII – Socorro p. 44
XXV – Merche p. 48
XXVII – A senhora do Decano de Direito p. 53
XXIX – Salgueiro p. 56
XXX – Salgueiro p. 58
XXXVI – Sagitário p. 72
XXXVII Sagitário p. 74
XLI – Sagitário p. 78
XLIV – Um estudante p. 81
XLVI – Francisco p. 84
L – Sagitário p. 91
LI – Salgueiro p. 92
LII – Francisco p. 94
LV – Salgueiro p. 99
LXI – Manolo p. 110
LXXII – Sagitário p. 112
LXIII – Luzita p. 114
LXIV – Helena p. 117
LXVI – Francisco p.120
LXVIII – Mercedes p. 123
LXX – Merche p. 124

LXXI – Sagitário p. 129
LXXII – Francisco p. 130
LXXIV – Salgueiro p. 133
LXXV – Mercedes p. 136

Segunda parte

I – Casado p. 145
II – Casado p. 146
IV – Casado p. 150
V – Casado p. 151
VI – Barreiro p. 152
IX – Socorro p.159
XII – Francisco Franco Bahamonde p. 163
XIII – Casado p. 164
XV – Casado p. 167
XVII – Casado p. 170
XVIII – Casado p. 172
XIX – Miguel p. 174
XXI – Um jornalista p. 178
XXVI – Casado p. 187
XXXI – Casado p. 198
XXXII – Casado p. 201
XXXIII – Casado p. 202
XXXVI – Barreiro p. 207
XXXVIII – Barreiro p. 214
XXXIX – Salgueiro p. 216
XLI – Cleo p. 222
XLVI – Salgueiro p. 237
L – Salgueiro p. 246
LII – Salgueiro p. 251
LIX – Salgueiro p. 267

BIOGRAFÍA



Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol en 1910 e foi ao se trasladar a Compostela (1926) para realizar os seus estudos de Dereito de Filosofía e Letras cando entra en contacto co galeguismo e coa cultura galega, o que con certeza vai determinar o seu pensamento ao longo da súa vida. Nos primeiros anos de estudo vinculouse co Seminario de Estudos Galegos e comezou a súa traxectoria como militante no movemento nacionalista. Foi un dos fundadores do Partido Galeguista (1931) e participou no anteproxecto do Estatuto de Autonomía da Galiza (1936), frustrado polo golpe de Estado. El mantívose fiel á República; por ese motivo foi condenado a 12 anos de prisión e estivo inhabilitado para a docencia pública. Por causa disto, traballou durante anos no ensino privado até que en 1965 volveu exercer como docente na educación pública e ocupou por primeira vez a recentemente creada Cátedra de Lingua e Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela (1972).

Carvalho Calero redactou as primeiras *Normas ortográficas do idioma galego* (1970) da Real Academia Galega, institución da que fora nomeado membro numerario en 1958, mais en pouco tempo xurdiron dúas novas propostas. Por un lado, a proposta coñecida como “autonomista”, feita polo Instituto da Lingua Galega (ILG) e por outro a propositareintegracionista, encabezada por Rodrigues Lapa e Martinho Montero, á que se acabaría sumando o propio Carvalho Calero. En 1979 presidiu a Comisión de Lingüística da Xunta que oficializou as coñecidas como “normas de Carvalho” en 1980, máis converxentes co portugués, mais en 1982 triunfou outra normativa que afirmaba a independencia do galego en relación co portugués e adoptou unha ortografía máis próxima á do español (por crer que, ao ser xa coñecida, facilitaría a aprendizaxe da lingua galega). O decreto que a oficializou, chamado Decreto Filgueira, supuxo a continuidade do modelo lingüístico creado nos anos 70, que perdura até estes días.

A obra de Carvalho Calero é moi extensa, tanto a literaria como a ensaística. Destaca nomeadamente a poesía e o romance *Scórpio* (1987) —o cal obtivo o premio da Crítica de narrativa— a *História da literatura galega contemporánea* (1963) e os múltiples ensaios sobre lingua galega, nos cales defendía a tese reintegracionista e avogaba por unha confluencia ortográfica do galego co portugués, defensa que provocou que fose desterrado da cultura galega nos últimos anos da súa vida e que houbese moitas discrepancias á hora de nomealo o autor homenaxeado do Día das letras Galegas. Foi membro de honra da Asociación Galega da Língua (AGAL), practicamente desde que esta entidade foi fundada no inicio dos anos 80 até a morte de Carvalho en 1990.

TAREFA 1

Escoita atentamente este fragmento e despois intenta lelo ti. Que trazos lingüísticos dificultan a túa lectura? Cales serían as diferenzas coa ortografía galega que coñeces? ([vídeo](#))

As persoas que nacen entre o 24 de Outubro e o 22 de Novembro, vem a luz sob o signo de Scórpio. As que nacen entre o 23 de Novembro e o 22 de Dezembro, vem a luz sob o signo de Sagitário. Entre os rapazes de sexto curso do colégio, que acabamos de obter o grau de bacharel, todos sabíamos qual era o nosso signo, e soíamos nomear-nos por ele. Eu som Sagitário. Rafael Martínez é Scórpio. Quando dous ou mais nasceram baixo do mesmo signo, numerávamo-los segundo o dia do seu nascimento. Assi, Felipe Antom era Leo I, e Jacobe Golpe era Leo II. Ricardo Lores era Aquário I; Abelardo Pinheiro, Aquário II; António Toimil Aquário III. Eu era o único Sagitário, e Rafael o único Scórpio; e por isto, e se quadra porque estes nomes soavam melhor, estes alcumes chegárom a ser mais populares no colégio que os nossos próprios nomes.

Scórpio (2017 [1987]), pp. 21 – 22.

TAREFA 2

Agora le estoutro texto de *Scórpio* adaptado para a ortografía oficial e, a partir do que viste no treito anterior, intenta escribilo na norma do galego reintegrado de Carvalho. Despois, compárao co orixinal escrito por Carvalho. Ficou parecido?

Recibimos orden de desembarcar. A compañía formou en terra, ao costado do buque. O tenente de máquinas Loureiro dirixiuse ao comandante e preguntoulle onde iamos. Moitos pensabamos que se nos quería utilizar en contra da República, porque as noticias do que sucedía en África e en Madrid circulaban entre nós, e sabiamos que a maior parte dos xefes e oficiais eran monárquicos.


SOLUÇÃO

Recebemos ordem de desembarcar. A companhia formou em terra, ao costado do buque. O tenente de máquinas Loureiro dirigiu-se ao comandante e perguntou-lhe onde iamos ir. Muitos pensávamos que se nos queria utilizar em contra da República, porque as notícias do que sucedia em África e em Madrid circulavam entre nós, e sabíamos que a maior parte dos chefes e oficiais eram monárquicos.



TAREFA 3

Antes da lectura de *Scórpico* infórmate sobre a vida de Ricardo Carvalho Calero e crea a túa proposta de liña cronolóxica cos datos máis sobranceiros (traslado a Compostela, Seminario de Estudos Galegos, Partido Galeguista, Estatuto de Autonomía, Guerra Civil española, Decreto Filgueira, etc.). Ten presente esta liña temporal, xa que terás que facer outra da novela e contrastar os datos de ambas as cronoloxías.



TAREFA 4

Le os seguintes fragmentos dos capítulos XXX (p. 58) e LI (p. 92) narrados por Salgueiro e responde as perguntas localizadas depois dos textos:

XXX

Durante a ceia de despedida ao professor Maluquer, pensava eu no enigmático Scórpio como núcleo de um possível romance. Mas precisamente a sua enigmaticidade deveria ser respeitada, porque eu a vejo como umha particularidade de interesse dentro de umha narraçom. Eu, autor do romance de Scórpio, respeitaria a sua problematicidade, nom trataria de explicá-lo todo; mais bem reuniria testemunhos diversos a propósito da sua personalidade, que confluíssem e alumiassem de distintos ângulos a figura central. Nunca me meteria directamente no interior do protagonista. Este nunca falaria de si mesmo. Seriam os demais, os seus parentes, os seus amigos, os que nos falariam dele, do seu povo, da sua família, dos seus amigos; e assi se iria configurando umha figura, e assi se iriam ordenando os acontecimentos de umha vida, mediante umha espécie de enquisa que apartasse dados plurais, por que nom contraditórios. Na realidade, cada um vê as pessoas, os acontecimentos, do seu ponto de vista, através do seu próprio prisma. O conhecimento é umha combinaçom de matéria e forma. Esta varia segundo a situaçom do sujeito cognoscente. Nom há visom inteiramente verdadeira, nom há visom inteiramente falsa. Nom há visom inteiramente objectiva, nom há visom inteiramente subjectiva. Apresentaria um Scórpio, umha vida de Scórpio, contemplado, contemplada através de diversas personalidades. Como sei mui pouco da vida de Scórpio, fora do que vejo, e se trata de umha personalidade mui pouco transparente, teria de inventar muito, teria de inventar-lhe umha família, umha infância, uns amigos que completassem com a sua visom a minha própria visom. Seria umha **composiçom polifónica**, umha narrativa em que houvesse muitos narradores. Mas nom pretenderia que estes nos falassem com umha linguagem decalcada em cada caso da realidade pessoal que lhes atribuísse. Nom pretenderia apresentar um documento social que reproduzisse fotograficamente muitas figuras, muitas mentalidades, muitas formas de expressom. Procuraria exprimir com fidelidade o carácter de cada personagem, carácter que eu mesmo criaria; mas nom me esforçaria em evitar giros sintácticos ou vozes concretas que a condiçom social da personagem faria improváveis na realidade. Nom se trataria de umha reproduçom científica da realidade, senom de umha construçom artística, na qual o autor visasse essencialmente a comunicaçom de um mundo poético, interpretaçom de umha realidade, mas nom traslado material, vaziado em gesso, versom electrolítica, visom galvanoplástica de umha realidade sensível, de umha objectividade fenomenológica, ou fenoménica. Na forma, pois, nom se trataria de umha narraçom documental. Essa mulher que fala, nom fala exactamente como falaria umha mulher real da sua condiçom. Seria-me indiferente que me fisessem críticas deste tipo. Eu traduziria a umha linguagem que pretenderia ser eficazmente literária o discurso polifónico que constituiria a forma do romance.

Este estaria, pois, integrado por umha série de **depoimentos em primeira pessoa**, formulados por diversas personagens que estivessem em relaçom com Scórpio ou o seu entorno, e que projectassem luz —a sua própria e variada luz— sobre esse entorno e sobre esse Scórpio. Nom me preocuparia de justificar esses depoimentos do ponto de vista da **verosimilitude** material. Por que se produzem esses depoimentos? Simplesmente, porque o autor decide que se produzam. Nom há que explicá-los como informes que ao autor se enviam, ou como memórias que este descobre, ou como **monólogos interiores** que este surpreende. As diversas personagens foram testemunhas de determinados

acontecimentos, ou reflexionárom sobre determinados feitos; e o autor dispom do poder necessário para transmitir ao leitor em forma de **solilóquios** —nalgumha ocasiom, em forma de carta ou alocucom— as vivências que lhe interessam. Eu nom descobriria umha colecçom de cartas, como Choderlos de Laclos, ou disporia simplesmente delas por circunstâncias nom explicadas, como Dostoiewsky. Porque essa seria a forma ajeitada para umha narraçom narrada por diversos narradores, eu faria meramente que cada narrador narrasse o que, dado o *status* que eu lhe conferisse, estivesse em condições de narrar, sem preocupar-me de mais justificaçoms nem mais convencionalismos. Eu sei o que eles sabem, eu sei o que eles pensam; eu tenho registados os seus saberes e os seus pensamentos num disco —mas traduzidas as palavras ao meu discurso literário—, e fago girar o disco perante o leitor.

Nom som o clássico **narrador omnisciente**, mas possuo parcial conhecimento do interior de algumas mentes, entre as quais nom figura a mente de Scórpio. Creio que será mui incómodo renunciar a ver por dentro o protagonista, mas impugem-me essa exigência técnica. Já veremos se a podo cumprir.

LI

Nas arreveçadas páginas —propriamente, rascunhos, apontamentos— que preguiçosamente tenho traçado do romance de Scórpio, e maiormente nos nebulosos planos de desenvolvimento dos sucessos que o constituiriam, tropeço, até o extremo de desanimar-me a realizar o trabalho, com a incomodidade da técnica decidida, enquanto ela me impede focar sequer alguns capítulos do ponto de vista do protagonista. Como seguir a vida de umha personagem literária se o autor nom tem nunca acesso directo a essa vida, se há depender sempre dos testemunhos de outras personagens? Para que esses testemunhos componham um conjunto relativamente coerente, nom excessivamente contraditório, ainda concedendo as diferenças de critério dos emissores das vozes que se escuitem; para que esses diversos depoimentos podam confluir numha **biografia** inteligível; para modelar a figura de um protagonista com realidade literária, teria de manter o romancista umha gravosa tensom, seleccionando com afadigada previsom em cada momento os actores que ham entrar na cena a recitar os seus **monólogos**. Cousas que o romancista quieria comunicar ao leitor, nom poderá transmitir a este se aquele renuncia a estar também representado como **narrador historiador** que possui umha informaçom que transcende às testemunhas presenciais, ou se nom se concede o direito de introduzir-se na própria mente do protagonista e fazê-lo concorrer, sequer excepcionalmente, no desfile de primeiras pessoas informantes. Há romances narrados em primeira pessoa, nos quais o autor se reserva o direito de introduzir-se como **narrador em terceira pessoa**, ou de criar um narrador, omnisciente ou nom, observador tecnicamente clandestino das condutas ou esculcador sem necessidade de justificaçom literária dos recantos de umha, várias ou todas as consciências presentes no relato. Um narrador em terceira pessoa de qualquer dos tipos indicados, ou a participaçom do próprio protagonista na série de narradores, mesmo se isto se verifica só em momentos excepcionais, aliviaria muito ao autor na sua empresa. Mas eu tenho concebida a minha história de Scórpio mantendo Scórpio à distância, vedando-me vê-lo por dentro com os meus próprios olhos de narrador, e creio que esta dificuldade técnica, esta reserva, esta interdiçom, forma parte essencial da obra tal como foi concebida, e que valeria a pena intentar mantê-la até o final. Mas nom disponho de tanto tempo como para derramá-lo esforçando-me em vencer umha dificuldade técnica que eu mesmo me impugem, como se fosse um narrador experimental e experimentado. Assi que o melhor será abandonar o projecto e consagrar mais tempo à assimilaçom da Lei Hipotecária.

Sem embargo, com mais de duascentas quartilhas rabiscadas —à verdade quase ilegíveis, e escritas sem esmero formal—, fai-se-me um pouco duro renunciar a prosseguir esse labor, que me distrai da pesadez dos estudos jurídicos. Agora que nom tenho moça, o meu romance é um refúgio e um agarimo. A ver se podo, de quando em vez, dedicar-lhe umhas horas. Vai ser difícil, neste momento em que temos constituído o Partido Galeguista, e nom podem refugar a secretaria do grupo local. Oposiçons, política, literatura... Aonde vás, Salgueiro? Quem o pode saber?

Nos capítulos aparecen termos como **narrador omnisciente**, **soliloquio**, **monólogo interior**, **composición polifónica**, **biografía**, **narrador en terceira persoa**, **verosimilitude** ou **narrador historiador**. Procura eses termos e responde as seguintes preguntas:

- 1) Estes trazos que Salgueiro menciona nos capítulos XXX e LI poden considerase característicos da obra *Scórpio*?
- 2) Despois de ler eses fragmentos, pensas que se pode dicir que o autor da obra se encarna na figura deste personaxe?
- 3) Pensas que o romance *Scórpio* é autobiográfico? Consideras que todo o que se conta nas autobiografías é real? Se tiveses que contar a historia da túa vida, reducirías aqueles feitos menos favorecedores para a túa imaxe e resaltarías o positivo?
- 4) Que cres que significa a afirmación de que estes capítulos narrados por Salgueiro, o XXX e o LI, son capítulos metaliterarios? Procura o termo se for necesario e xustifica a túa resposta.

TAREFA 5

Obradoiro literario/concurso. Crea un novo capítulo para a novela *Scórpio*. A continuación tes as bases:

- i. O relato debe seguir as características formais do texto orixinal (por exemplo, testemuña en primeira persoa).
- ii. Calquera personaxe, *Scórpio* incluído, pode ser o/a narrador/a do capítulo.
- iii. A escolla ortográfica é libre: pode ser escrito en galego oficial ou en galego internacional/portugués. Os erros ortográficos non serán tidos en conta no caso dos textos escritos en galego internacional.
- iv. A extensión dos textos é libre, sen límite mínimo ou máximo estipulado.
- v. Acéptanse textos escritos á man e a ordenador.
- vi. A data límite de entrega será o 17 de abril de 2020.
- vii. O alumnado deberá fornecer os seguintes datos: nome completo, nome e enderezo do centro, idade, curso e información de contacto (correo electrónico ou teléfono móbil).
- viii. O texto pode ser enviado fisicamente ao enderezo Casa da Língua Comum – Rúa de Emilio e Manuel 3, 15702 Santiago de Compostela ou electronicamente ao correo secretaria@a.gal co asunto “Concurso RCC”.
- ix. Haberá tres categorías no concurso: 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO e 1º e 2º de bacharelato. O/A gañador/a de cada categoría conseguirá a inscrición de dous anos á Através Editora, de modo que recibirá gratuitamente os libros na súa casa.

Emprega esta táboa comparativa de pronuncia para realizar as tarefas 1 e 2

COMO SE PRONUNCIA?		
c / ç	cê/ cê cedilhado	<i>céu/ceo; paço/pazo</i>
g	guê ou gê	<i>gato; gente/xente; ginásio/ximnasio</i>
j	jota	<i>Junta/Xunta</i>
n	ene	<i>nada; ninguém/ninguén.</i> Agás algúns casos (por exemplo, <i>hífen</i>), en portugués as palabras acaban sempre en -m, mais pronúnciase sempre -n.
q	quê	<i>questionário/cuestionario</i>
s	esse	<i>santo; coser</i>
lh	ele agá	<i>molhar/mollar; carvalho/carballo</i>
nh	ene agá	<i>Minho/Miño, A Corunha/A Coruña</i>
ss	esse duplo	<i>nossa/nosa; isso/iso</i> (só pode ocorrer entre vogais)
ch	cê agá	<i>chamar; chuva</i>
mh	eme agá	<i>umha, algumha</i> (outra possibilidade é com -m-: <i>uma, alguma</i>)
à	a com acento grave	resultado de contraer a (prep.) + a (art.). <i>Vou à feira / vou á feira</i>



SCÓRPIO

DE RICARDO CARVALHO CALERO

Autoría: Teresa Crisanta V. Pilhado

Coordinada por: Teresa Crisanta V. Pilhado & Eduardo Maragoto

Diagramada por: Uxio Outeiro

Este material didáctico contou co apoio da Consellería de Cultura e Turismo e da Deputación da Coruña.



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

#aculturasegue

